



PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA



CPI VIRXE DOS REMEDIOS 2021-2022

ÍNDICE

1. Estrutura do Proxecto.....	3
2. Organización e composición do Equipo	3
3. Situación sociolingüística do centro	4
3.1. Contorna sociolingüística	4
3.2. Situación do profesorado	4
3.3. Situación do alumnado	4
3.4. Situación lingüística do centro	4
4. Obxectivos	5
4.1. Obxectivos que afectan á contorna do centro	6
4.2. Obxectivos que afectan á totalidade do centro	7
4.3. Obxectivos que afectan ao profesorado	8
4,4. Obxectivos que afectan ao alumnado	9
5. Actividades	10
5.1. Utilización das novas tecnoloxías	11
5.2. Cultura tradicional	12

5.3. Convivencia	14
5.4. Obradoiros	16
5.5. Roteiros culturais e literarios	17
5.6. Outras actividades	17
5.7. Asesoramento lingüístico	17
5.8. Actualización da cortiza do centro	17

- **ESTRUTURA**

O Proxecto do Departamento de Dinamización Lingüística do Centro para o curso 2021-2022 estrutúrase nos seguintes bloques de contido:

- A organización e composición do Equipo.
- Unha análise da realidade lingüística do Centro.
- Os obxectivos deste proxecto dinamizador
- Unha descrición das actividades de dinamización propostas de cara á promoción da lingua e cultura galegas no Centro.
- Un cadro resumo das actividades temporalizadas e con referencia aos responsábeis e destinatarios delas, así como ao custo previsto.

2. COMPOSICIÓN

No presente curso 2021-2022, o Equipo está formado por:

- **Profesores:**
 - Francisco L. Fernández Fiuza (profesor de Tecnoloxía na ESO)
 - Eva López Ríos (profesora de Educación física na ESO)
 - Xabier Souto Bragado (profesor de Lingua Castelá na ESO)
 - Sheila Álvarez Hijosa (profesora de Educación infantil)
 - Noelia Bao Núñez (profesora de Educación Primaria)

- Un membro do **persoal non docente**:
 - Montserrat Rey Gómez
- **Alumnado**:
 - Manuela Vieira Fernandes (2º ESO)
 - Mario Morata Blanco (1º ESO)
 - Maina Forest (1º ESO)
- A **coordinadora** do Equipo é o profesor de Lingua galega:
 - Eduardo Louredo Rodríguez

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

3.1. CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA

A diferenza doutros concellos, a lingua vehicular entre a veciñanza é o galego, polo que as familias dos nosos nenos e nenas tamén se desenvolven basicamente nela, aínda que cómpre subliñar que a porcentaxe de galegofalantes descende cando falamos de contextos comunicativos máis formais (situación diglósica).

3.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

A totalidade do profesorado (dous en Infantil, doce en Primaria (dos cales dous comparten centro) e once en Secundaria) desenvólvese indistintamente en galego ou en castelán e a dirección do Centro fai todas as comunicacións escritas en galego e as orais, un 90 %, tamén son nesta lingua.

3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

O CPI “Virxe dos Remedios” ten, neste curso, 87 alumnos/as repartidos entre as ensinanzas de Infantil (19), Primaria (42) e Secundaria (26), procedentes do concello de Castro Caldelas e doutros limítrofes como Parada de Sil ou Montederramo. Están distribuídos en dous edificios separados pero localizados no mesmo recinto escolar. Isto incrementa os gastos e dificulta a socialización entre o alumnado e o traballo do EDL por mor da incompatibilidade horaria.

Prevalece no centro o alumnado galego falante e aínda que hai nenos e nenas foráneos, non teñen ningún problema en entendelo, polo que tentaremos que se vaian mergullando na nosa lingua tanto a nivel de expresión oral como de escrita.

Cómpre subliñar que a porcentaxe de mozos/mozas que empregan o galego baixa unha vez que abandonan o centro, ao estaren lonxe do seu ámbito cotián.

Temos que facer unha mención especial á enquisa sobre a lingua predeterminada que se pasou en Infantil onde a lingua escollida maioritariamente é a galega.

3.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

No centro o galego está totalmente instaurado, deste xeito o persoal non docente utiliza indistintamente o galego ou o castelán segundo a lingua do interlocutor/a.

O rotulado de espazos, documentación administrativa escrita e comunicados internos do Centro conta coa presenza permanente da lingua galega.

A AMPA tamén se desenvolve na nosa lingua.

Por último, no **comedor escolar**, a lingua vehicular é o galego.

4. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do EDL dedúcese do Decreto 79/2010 e pódese sintetizar en potenciar o uso da lingua galega no Centro, así como asumir unha posición protagonista na análise da situación lingüística do propio e no deseño, na posta en marcha e na revisión dos programas de planificación lingüística efectiva, plasmada no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC).

Segundo isto ao EDL correspóndelle deseñar e desenvolver un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística orientadas á potenciación da lingua galega, así como unha planificación lingüística na que se contemple o uso que se fará das dúas linguas no ámbito escolar para acadar o obxectivo, marcado por lei (79/2010 por referirmos só á última), **de conseguir que o alumnado adquira unha boa e semellante competencia comunicativa nas dúas linguas, independentemente da súa lingua familiar ou habitual.** Para acadar tan amplo obxectivo debemos establecer as seguintes liñas xerais de actuación.

- Fornecer contextos comunicativos e ámbitos de uso no Centro, fundamentalmente orais e dirixidos ao alumnado, onde empregar o galego.
- Labor de asesoramento técnico á comunidade educativa referido a cuestións lingüísticas, recursos e materiais existentes en galego...
- Coordinar as compras de material de todo tipo que teña como obxectivo promover a normalización e o aumento de espazos comunicativos en lingua galega.
- Coordinar e colaborar na planificación de actividades que se leven a cabo desde os distintos departamentos do Centro e que teñan como obxectivo a divulgación da lingua e cultura galegas.

De acordo co PEC, documento que orienta a galeguización progresiva do Centro, fixamos os seguintes obxectivos:

4.1. OBXECTIVOS QUE AFECTAN Á CONTORNA DO CENTRO

- Potenciar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, entre toda a comunidade.
- En Educación Infantil facer enquisa aos pais, nais e titores/as para obter información sobre a lingua materna predominante para impartir os contidos como dita o Decreto 79/2010.
- Incrementa o uso da lingua galega na totalidade da comunidade educativa e potenciar o máximo o seu emprego en tódolos sectores, departamentos, áreas e actividades (deportes, actividades lúdicas, complementarias, extraescolares, etc.)
- Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos e fillas coñezan e falen correctamente a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá.
- Fomentar e mellorar o uso progresivo do galego desde a etapa de Educación Infantil (competencias comunicativas) de xeito que se superen as carencias e déficits, de dentro e fóra da escola, que se observan nestes primeiros anos.

- Concienciar as familias das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do coñecemento dos valores identitarios do galego, e polo tanto da transmisión aos fillos e netos.
- Continuar co uso da lingua galega oral e escrita no consello escolar, reunións tutoriais, celebracións, comunicados, carteis publicitarios, etc...
- Campaña entre os pais para que transmitan o galego correcto e normativo.
- Traballar en colaboración ca A.N.P.A.
- Fomentar entre os alumnos, alumnas, familias e contorno en xeral, os valores identitarios e diferenciais da cultura e a lingua galega.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos actualizados e de calidade en galego, en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe dentro e fóra da escola por medio do “préstamo” da biblioteca, audioteca e videoteca.
- Promover e facilitar a incorporación dos alumnos e alumnas inmigrantes e das súas familias á lingua propia de Galicia e os seus costumes, dándolles facilidades e ofertándolles programas especiais dende asociacións, concello e ANPA. Todo dirixido dende o centro educativo.
- Concienciar as familias da transcendencia de transmitir a lingua e a cultura da nosa terra galega. Isto dános personalidade e fomenta a autoestima.
- Potenciar a investigación no seu entorno etnográfico, histórico e lingüístico para tomar conciencia da nosa historia e cultura.
- Impulsar a proxección da lingua galega fóra de Galicia, como manifestación dunha cultura e como expresión social do pobo galego, respectando o carácter plurilingüe do estado.
- Continuar coa edición e publicación da revista escolar “ O Irrio” onde interveñen indirectamente as familias e o contorno da Ribeira Sacra.
- Destacar o sentido das diferentes actividades e festas do ano da nosa cultura, as súas celebracións, personaxes e tradicións tomando como referente as familias.
- Potenciar o desenvolvemento de criterios de elección como consumidores galegos e aprender a compartir, discernir calidades e ver o futuro da comarca con bos ollos.

4.2 OBXECTIVOS QUE AFECTAN Á TOTALIDADE DO CENTRO

- Revisar a normativa no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e modificar o establecido nel.
- Realización e revisión de que os documentos estean en lingua galega.
- Traballar e colaborar co Club de Lectura en todo.
- Confección de programacións, proxectos e normativas en lingua galega. Revisando cando corresponda.
- Continuar co uso da lingua oral e escrita, en claustros, reunións, celebracións, comunicados, programa de festas, circulares, boletíns de notas, actas, etc.
- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
- Continuar coa edición e publicación da revista “O Irrio” do centro.
- Animar, axudar e realzar o uso da lingua galega no servizo de comedor, actividades extraescolares, ANPA, reunións,....
- Saudar e recoller os recados por teléfono en galego.
- Establecer o galego como lingua de contacto inicial entre traballadores, docentes ou familias nas relacións presenciais.
- Redactar a documentación, cartas, fax..., en lingua galega.
- Fomentar a elaboración de material didáctico específico naquelas áreas onde se detecten máis carencias.
- Desenvolver materiais específicos en galego, empregando as novas ferramentas informáticas e telemáticas.
- Conseguir unha mellora na comunidade educativa das actitudes cara á lingua galega e a súa capacitación para realizaren en galego, con fluidez e corrección oral e escrita, o seu traballo.
- Fomentar o uso do galego nas novas tecnoloxías, sobre todo Internet e na telefonía móbil..

4.3. OBXECTIVOS QUE AFECTAN AO PROFESORADO

- Potenciar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, entre toda a comunidade

- Renovar, dende cada departamento, a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso correcto oral a través dunha oferta de materiais didácticos en soportes diversos.
- Colaborar e supervisar a documentación existente en galego nos diferentes departamentos para unha renovación continua, aportando fondos variados e de calidade.
- Continuar nas reunións de departamentos coa lingua galega como medio de expresión oral e escrita.
- Continuar coa edición e publicación da revista “O Irrio” do centro coa colaboración do profesorado.
- Potenciar a colaboración entre departamentos didácticos, equipos de ciclo e profesorado, en xeral, nas actividades programadas dende o EDL.
- Aproveitar as titorías para expresarnos cos rapaces en lingua galega.
- Potenciar o emprego da lingua galega en calquera situación e momento dentro e fora das aulas e nas relacións escolares en xeral.
- Animar e axudar a realzar o uso da lingua galega nos recreos, titorías, servizo de comedor, actividades extraescolares, AMPA, reunións,....
- Valorar e potenciar a cultura popular, celebrando as máis significativas festas da nosa Terra (Vendima, Magosto, Esfolla, Matanza, Nadal, Fachos, Entroido, Maios, Letras Galegas, etc.)
- Celebrar en galego: O Outono, Festival de Nadal, Letras Galegas, Entroido, días específicos de conmemoracións, fin de curso, etc.
- Potenciar os xogos populares e os diversos campionatos na nosa escola (tiro de corda, brilé, carreira de sacos, o pano, a ra, billarda, etc.)
- Favorecer e impulsar os traballos de investigación e recolleitas orais populares, que nos permitan valorar e apreciar a nosa cultura.
- Implicarse nas distintas campañas, cursos, eventos, e celebracións, que sirvan para favorecer o uso da lingua galega.
- Utilizar o taboleiro de Dinamización Lingüística para transmitir informacións, motivar e animar no correcto uso da Lingua galega.

- Favorecer o emprego do galego, entre o profesorado, nas tecnoloxías da información e a comunicación a nivel persoal.

4.4. OBXECTIVOS QUE AFECTAN AO ALUMNADO

- Continuar dando a coñecer o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia para que coñezan a importancia da nosa lingua e a asuman.
- Prestar máis atención aos aspectos didácticos e culturais da lingua e non só aos gramaticais e lingüísticos.
- Cumprimento total e absoluto da normativa vixente, superando os mínimos, respecto ás áreas que se deben impartir en lingua galega.
- Uso e emprego de enciclopedias, textos de diversas editoriais, dicionarios específicos, e todo tipo de material bibliográfico para investigar e realizar actividades.
- Campañas de animación á lectura. Indagar sobre os temas a tratar en cada época. Contacontos. Visita de autores. Participación na Feira do Libro de Ourense. Colaboración coas actividades dos Concellos de Castro Caldelas e Ourense, etc.
- Lectura eficaz e lectura comentada e traballada de libros, xornais, revistas e cómics actuais (un por trimestre como mínimo)
- Utilización de material lúdico-didáctico para amenizar e mellorar no uso da lingua galega (xogos, decoración, ordenador, etc.)
- Participar nos obradoiros de teatro, plástica, música, tecnoloxía, festivais, etc.
- Motivar aos alumnos desde as aulas para que se impliquen e recuperen os xogos tradicionais, cantigas, rimas, adicatorias...
- Asistir a charlas, coloquios, exposicións e conferencias de interese.
- Elaboración de certas unidades didácticas para un mellor desenvolvemento do currículo escolar.
- Confección de adaptacións curriculares para alumnos exentos ou con dificultade na lingua galega.
- Realización de viaxes culturais relacionadas co noso contorno e valorando a nosa cultura.

- Colaboración estreita co Seminario de Lingua no fomento da oralidade.
- Continuar coa edición e publicación da revista “O Irrio” do centro.
- Aproveitar as titorías para tratar en lingua galega, temas transversais, actuais, de moda entre a xuventude para que se conciencien de que ten o mesmo valor que outras que teñen idealizadas: Fora prexuízos.
- Utilizar o taboleiro de Dinamización Lingüística para transmitir informacións, motivar e animar no correcto uso da Lingua galega.
- Valorar e potenciar a cultura popular, celebrando as máis significativas festas da nosa terra (Vendima, Magosto, Esfolla, Matanza, Nadal, Fachos, Entroido, Maios, Letras Galegas, etc.)
- Celebrar en galego: O Outono, Festival de Nadal, Letras Galegas, Fin de curso, etc.
- Potenciar os xogos populares e os diversos campionatos na nosa escola.

5. ACTIVIDADES

Coa finalidade de potenciar ao máximo o uso do galego no Centro, o EDL do CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas contempla a realización dun conxunto de actividades, que se detallan a seguir.

Cómpre subliñar que este proxecto está condicionado á situación sanitaria e é continuación do elaborado o ano pasado. Tamén está condicionado polos recursos económicos, humanos e/ou outros factores, de imposíbel previsión, que poden incidir no desenvolvemento do programa. Cómpre sinalar que participaremos, na medida en que sexa posíbel, nas actividades que organice e convoque a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Coordinadora do EDLG, o Concello de Castro Caldelas e calquera outra asociación. Este curso aproveitaremos as actividades que se poidan realizar de modo non presencial.

5.1. UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Con estas actividades queremos implicar a toda a comunidade educativa para participar nunha rede social virtual que incida no proceso de transmisión por medio de prácticas sociais de intercambio.

a) Actualización da **páxina web para o Equipo de Dinamización Lingüística** dentro da páxina do Centro. Farémos eco das iniciativas así como de acontecementos e efemérides relacionadas coa nosa lingua e cultura.

Obxectivos. 33 - 48 – 49

b) **Semana das Letras Galegas 2021**: centrarémonos en actividades arredor da figura do autor ou autora homenaxedo/a. Difundiremos a súa figura e obras a través de videopoemas, exposicións...

Obxectivos: practicamente todos.

c) Promocionar a elaboración de vídeos, vídeo-clips, vídeo-poemas ... entre o alumnado en lingua galega e relacionados con figuras ou efemérides que poidan motivar estas expresións artísticas.

Obxectivos. 33 - 51 - 52 - 53 - 54 - 55 – 56

d) Continuaremos publicando a **revista O Irrio** no mes de maio.

Obxectivos: todos, xa que é unha recompilación do que se fixo durante o ano.

ORALIDADE

a) Na **semana do teatro** en cada un dos cursos de secundaria leremos textos dramáticos que reivindiquen, potencien e valoren a lingua galega.

Obxectivos: 41 - 47 - 51 - 52 - 53 - 54 - 57

b) **Día de Rosalía**: promocionaremos a figura da poeta a través de murais que lembren a data do seu nacemento, así como de imaxes da súa figura. Ademais disto levaremos a cabo, como nos anos anteriores, o xogo do amigo invisible, no que o alumnado terá que facer un agasallo a un compañeiro baseado na figura de Rosalía.

Obxectivos: 41 - 47 - 51 - 52 - 53 - 54 - 57

c) **Día da poesía**. En primaria crearán murais cos poemas que máis lles gusten.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

d) **Teatro.** Procuraremos aproveitar algunha saída para ver unha obra de teatro. Se a situación sanitaria o permite.

Obxectivos: 3 - 9 - 14 - 25 - 31 - 40 - 43 - 46 - 64 - 66

e) **Encontro con autores ou persoeiros da cultura galega.**

Obxectivos: 51 - 52 - 53 - 54 - 55

f) **Contacontos:** en Infantil e Primaria.

Obxectivos: 3 - 52 - 27 - 54

5.2. CULTURA TRADICIONAL

5.2.1. É fundamental para a cultura galega que se recuperen as tradicións (**Samaiñ, Magosto, o Nadal, o Día da Candeloria, o Entroido, os Fachós ...**) por iso traballaremos todas aquelas festas cíclicas anuais. Darase a coñecer a importancia e significado da festa dentro da nosa cultura e motivarase a participación do alumnado en diferentes actividades, (exposicións, concursos, traballos de investigación ...), promovendo sempre como lingua vehicular a lingua galega.

Deste xeito, durante os meses de outubro e novembro realizamos:

- **Festa do Samaiñ:** En Infantil e Primaria concurso de cabazas e decoración das aulas.

Na ESO decóranse os espazos comuns e concurso de disfraces arrepiantes entre o alumnado. Explicarase o significado cultural e histórico desta celebración.

Obxectivos: 3.4.5.6.8.9.11.13.16.17.20.23.25.27.28.29.30.31.32.
35.40.41.42.44.47.50.51.52.53

- **Festa do magosto.** Levarase a cabo en novembro. Em función das restricións sanitarias poderase festexar cunha degustación de castañas no comedor escolar.

Obxectivos:

3.4.5.6.8.9.11.13.16.17.20.23.25.27.28.29.30.31.35.40.42.44.47.50.51.52

- Durante o **mes de Nadal**, en secundaria realizarase un concurso de postais coa felicitación en galego; ademais decorarase o centro cunha árbore de Nadal.

En Infantil e Primaria tamén se realizará o mesmo, coa salvidade de que as postais non teñen que ser en 3D.

Obxectivos: Todos ou case todos

- **Festa dos Fachós.** celebrarase o día 19 na vila de Castro Caldelas. Prevese traballar esta celebración na materia de Plástica. Obxectivos:
3.4.5.6.8.9.11.13.16.17.20.23.25.27.28.29.30.31.32.
35.40.41.42.44.47.50.51.52.53

- **O Entroido:** celebraremos o festexo dos “Compadres” e “Comadres”, confeccionaremos os mecos e haberá tamén un desfile pola vila.

Obxectivos: case todos os obxectivos xa que todas as familias están moi implicadas.

- Tamén dedicaremos especial atención a aquelas festividades que seguen a ser descoñecidas entre o alumnado e o profesorado, como é o caso do Día da Candeloria. Xa que logo, achegaremos información e convocaremos o concurso de “**Relatos de (des)amor**” en lingua galega.

Obxectivos: 3 - 17 - 58

5.3. CONVIVENCIA

Desde o Departamento de Orientación e coa colaboración do EDL levaranse a cabo actividades para conmemorar diversas datas como o **Día contra a Violencia de Xénero, o Día da Paz...**

5.3.1.

Día Internacional contra a Violencia de Xénero: en Primaria farase un mural en contra desta lacra; en secundaria colocarse un cartaz e convocarase un concurso de chíos en galego que deben ir acompañados dunha flor.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.2. Día da Constitución e o Día do Estatuto da Autonomía de Galicia. Durante esta semana traballarase o tema nas titorías.

Obxectivos: 1. 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.3. Día Internacional das persoas con discapacidade.

Traballarase o tema nas titorías.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.4. Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. En secundaria elaborarse un mural para lembrar esta data.

Obxectivos:3.5.10.11.13.17.23.25.30.31.32.33.37.39.40.43.
47.49.50.55 58 67

5.3.5. Día Escolar da non Violencia e da Paz. En Infantil e Primaria crearse un mural.

En Secundaria tamén se elaborará un mural conmemorando esta data.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.6. Día da Candeloria. En Secundaria convocarase un concurso de cartas de amor ou desamor e de lemas en galego de contido amoroso.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.7. Día Internacional da Muller.

Traballarase o tema nas titorías.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.8. Semana da Prensa

- Comezaremos coa revista do centro “O Irrio” coma cada ano coa colaboración dos alumnos e profesores. Un día desta semana traballarase con xornais.

Obxectivos:3.4.5.7.8.10.13.20.22.23.25.26.27.28.30.33.37.
40.48.51.52.55.58

5.3.9. **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.** Traballarase o tema en colaboración cos titores e o D.O.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.10. **Día Mundial da Saúde.** Charla coa Dra. Sonia Villapol aen videochamada desde Houston (Texas).

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.11. **Semana do Libro.** Este ano seguirá facéndose no centro especial mención á banda deseñada da nosa terra e en galego.

Obxectivos:

3.5.7.8.10.13.20.22.23.25.26.27.28.30.33.37.40.48.51.52.55

5.3.12. **Día Internacional contra o Acoso Escolar.** O alumnado elaborará cartaces en contra deste grave problema que afecta á nosa sociedade.

Obxectivos: 3.7.25.26.31.43.44.56.57.58.60

5.3.13. **Día de Europa.** Na ESO trataremos temas como bailes, músicas, vestimentas, comidas, as crises...

5.3.14. **Semana das Letras Galegas.** Realizaremos un festival no que participe todo o centro dando a coñecer a figura do autor ou autora homenaxeado/a.

Obxectivos: practicamente todos.

5.3.15. **Día Mundial do Ambiente.** Seguiremos traballando na compostaxe, aproveitando que temos onde depositar os residuos do comedor.

Obxectivos:3.5.10.11.13.17.23.25.30.31.32.33.37.39.40.
47.49.50.55.58.67

5.3.16. **Intercambio do alumnado** con algún IES ou CPI da contorna.

Obxectivos: 3 - 5 - 10 - 11 - 13 - 17 - 23 - 25 - 30 - 31 - 32 - 33
- 37 - 39 - 40 - 43 - 47 - 49 - 50 - 55 - 58 - 67

5.3.17. **Festival Fin de curso.** Despedimos os rapaces de 4º ESO cunha homenaxe en POWER POINT con recordos da súa nenez no C.P.I. Dáselle unha copia a cada un.

Ademais para favorecer a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, realizaremos cartaces para conmemorar o 28 de xuño, **día do orgullo LGBTI.**

Obxectivos: Case todos xa que potenciamos todo o desenvolvido durante o ano e os pais/nais e titores colaboran e participan.

5.4. OBRADOIROS

5.4.1. OBRADOIRO DE REGUEIRA: POÑERÉMONOS EN CONTACTO CON PATRICIA CID BLANCO ESCOLA PARA QUE NOS POIDA VISITAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE.

OBXECTIVOS : 3.13.41.44.43.46.56.57.58.59

5.5. ROTEIROS CULTURAIS E LITERARIOS

Ao longo do curso tentaremos levar a cabo o seguinte roteiro literario:

- Visita a Padrón á casa museo Rosalía de Castro.
- Roteiro d'*A Esmorga* en Ourense

5.7. OUTRAS ACTIVIDADES

- Colaboracións con todas as actividades que nos propoñan os distintos departamentos, o equipo da biblioteca, diferentes institucións (Concello, asociacións, AMPA...)
- Saídas culturais á contorna.

- Diferentes exposicións de vídeos, películas, presentación en Power Point cando sexa posible e teñamos material.

Obxectivos: Entre todas as actividades esperamos acadar todos os obxectivos propostos.

5.8. ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO

Actividades relacionadas co asesoramento e axuda lingüística a toda a comunidade educativa.

Obxectivos: 20 - 22 - 24 – 36

5.9. ACTUALIZACIÓN DA CORTIZA DO CENTRO

Toda a información relativa a acontecementos culturais, concursos, festividades... estarán expostas na cortiza do EDL para manter informada a comunidade educativa.

Obxectivos: 48-66


TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen custo económico)	RESPONSÁBEL/EIS E DEPARTAMENTOS/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO (€)	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
TODO O ANO	Asesoramento lingüístico	EDL	Todo o Centro		
	Páxina web do Centro	EDL	Toda a comunidade educativa		
	Actualización cortiza Centro	EDL	Todo o Centro	20	Material funxible, impresión de fotocopias, cartaces...
OUTUBRO	Samaín (29/10/19)	EDL, ANPA	Todo o alumnado e profesorado	20	Material funxible
	Concurso de disfraces	EDL e D. LG	ESO	20	Premio
	Magosto	EDL, todos os departamentos e titores	Infantil, Primaria e ESO		
	Día universal da Infancia	EDL, todos os departamentos e	Todo o centro		

NOVEMBRO	(20/11/19)	titores			
	Día contra a violencia de xénero (25/11/19)	EDL. D Orientación, titores	Todo o alumnado e profesorado		
	Concurso de chíos	EDL, departo. LG	ESO	20	Material funxible e premio
DECEMBRO	Día Constitución e Estatuto (semana do 2ao 9/12/19)	EDL, D. CCSS	ESO		
	Día Internacional das persoas con discapacidade (3/12/19)	EDL,	ESO		
	Día Declaración Universal Dereitos humanos (10/12/19)	EDL, D. CCSS	ESO		
	Contacontos (18/12/19)	EDL	INFANTIL E PRIMARIA		
	Mes do Nadal/Festival	EDL, todos os departamentos e titores	Todo o profesorado e alumnado	20	Material funxible
XANEIRO	Festa dos Fachós (19/1/19)	EDL, todos os departamentos e titores	ESO		
	Día Escolar da Non	EDL,todos os	Todo o	20	Material

	Violencia e da Paz(30/1/20)	departamentos e titores	profesorado e alumnado		funxible
FEBREIRO	Día da Candeloria (2 de febreiro)	EDL, LG	ESO	30	Material funxible e premio
	Concurso "Tatuaxes de amor e desamor"	EDL, LG	ESO		
	Día de San Valentín (14/2/20)	EDL, D. Linguas, D. plástica	ESO		
	Concurso de cartas de amor e lemas en galego	EDL, D. L,	ESO	20	Premio
	Entroido	EDL, todos os departamentos, titores, AMPA, concello	Todo o CPI	20	Material funxible, decoración...
	Día de Rosalía (24/2/20)	EDL, LG	ESO	20	Material funxible
	Semana da prensa (9ao 13/3/20)	EDL, D. Linguas, D. C. Clasica...	Todo o CPI	20	Material funxible
	Día Intenacionalda Muller (8/3/20)	EDL, dep. LG	ESO		

MARZO	Día mundial dos Dereitos do consumidor (15/3/20)	EDL, DO, titores	ESO		
	Semana do Teatro (27/3/20)	EDL, D. Linguas	ESO		
ABRIL	Día mundial da Saúde (7/4/20)	EDL e titores	ESO		
	Semana do libro (do 20 ao 24/4/20)	EDL, Todos departamentos e titores	Todo o Centro	20	Material funxible, Impresión
MAIO	Día Internacional contra o Acoso escolar (2/5/20)	EDL, Todos os departamentos e titores	Todo o Centro		
	Día de Europa (9/5/20)	EDL, D. CCSS, D. Linguas...	ESO		
	Semana das Letras Galegas (do 11ao 15/5/20)	EDL, todos os departamentos e titores	Todo o Centro	20	Impresión, cartaces, material funxible...
	O Irrio (revista)	EDL, todos os departamentos e titores	Todo o CPI	284,35	Impresión
XUÑO	Día mundial do Medio Ambiente (5/6/20)	EDL, D. Bioloxía	ESO		

	Festival fin de curso	EDL, Todo o centro e AMPA	Todo o CPI		
	Día do orgullo LGBT	EDL, Todo o centro	Todo o CPI		
SEN DETERMINAR	Obradoiro de regueifa	EDL, D. L.G.	ESO	100	Material funxible e desprazamento
	Intercambio alumnado	Todos os departamentos, EDL	ESO		
	Visita á Casa museo Rosalía de Castro	EDL, D. LG	ESO	300	Entradas e axuda desprazamento
	Roteiro <i>A Esmorga</i> + Teatro	EDL, D. LG	ESO	300	Entradas e axuda desprazamento
	Visionado obra de teatro primaria	EDL, todos os departamentos	Primaria		
	Visita autor/a	EDLG, dep. LG			
TOTAL					1254,35 EUROS



Castro Caldelas, 15 de setembro de 2021

O coordinador,

O director,

Asdo.: Eduardo Louredo Rodríguez

Asdo.: Juan Carlos Velo